

EX

Os exturonianos pisan forte alá por onde van e de cando en vez chégannos novas deles. Neste número de Superturonio queremos destacar os premios acadados no ámbito universitario e da investigación por tres deles.

Son : **Iago Bea, Tamara Otero e Xurxo Diz** .

PARABÉNS !!!



*O físico **Iago Bea Besada** conseguiu o Premio de Promoción de Novos Investigadores que outorga cada ano a Real Academia Galega de Ciencias (RAGC) e que está dotado con 2.000 euros. O seu traballo dá un paso máis nun dos campos máis novedosos da física teórica, relacionado coa Teoría de cordas. Fai dous anos conseguiu o premio nacional de Investigación Arquímedes.*

A. m. | La Opinión . A coruña 08.01.2015



*Compañeiros primeiro no IES Terra de Turonio e despois no IES Auga da Laxe, **Tamara Otero e Jorge Diz** tamén comparten Premio Nacional Fin de Carreira tras concluír a súa licenciatura na Universidade de Vigo cunha media de 9,5. Ambos gondomareños recibiron a semana pasada o galardón en Madrid de mans do secretario Xeral de Universidades e nunha cerimonia á que acudiron cunha camiseta verde en defensa do ensino público (nesta edición o ministro Wert optou por non acudir probablemente polas soadas protestas dos estudantes o ano pasado).*

Os dous amigos de 26 anos realizaron a súa carreira na Universidade de Vigo, no caso de Tamara, Económicas, e no de Jorge, Filología Hispánica. Ambos recoñecen que o único segredo dunha media de 9,5 é "estudar e esforzarse".

maría villar.nigrán comarcas@atlantico.net 05/05/2015



Superturonio

IES Terra de Turonio. Curso 2014-15. Maio 2015

Equipo de dinamización da Lingua Galega



Andadura galega.

Aquí tendes a Eva con Yogui, un poldro de 3 anos.



**PONTE...NAS ONDAS! achega a radio aos máis pequenos.
A RADIO MÁIS NOVA NO COLEXIO MONTEALBA**

**TURONIO DEPORTISTAS
ATLETISMO UNIVERSIDADE**

EX

Radioturonio cos máis pequenos.

Programa especial da nosa radio dende a Escola de Educación Infantil Monte do Alba.

Os alumnos do Colexio Infantil Monte do Alba de Valadares en Vigo recibiron a visita dun equipo de radio do IES Terra de Turonio de Gondomar. A actividade, promovida desde Ponte...nas ondas! enmárcase nas celebracións do Día Mundial da radio que a UNESCO dedica este ano á xuventude.

Os máis pequenos participaron activamente na realización dun programa de radio en directo que tiveron como presentadores da emisora de radio escolar Radio Turonio, de Gondomar. Martín e José Manuel contaron coa colaboración dos alumnos e do profesorado do centro que prepararon contidos para a ocasión. Contos, cantigas, poemas e bailes encheron unha hora de programación na que os micrófonos recolleron as voces dos máis cativos.

Outro grupo de alumnos do instituto encargáronse do control técnico e da grabación en vídeo e da realización de fotografías.

Segundo a UNESCO, a radio é un medio que desenvolve a competencia comunicativa e mellora sustancialmente a expresión oral.



XOSÉ FILGUEIRA VALVERDE LETRAS GALEGAS 2015

1

Porque non seca a morte a fonte das cantigas
eu vos chamo, segreles, que veñades cantar
onde os verdes loureiros gardan vellas ermidas,
cabo das sabias ondas sulcadas do luar,
das insuas da ribeira nun antigo lugar,
¡San Cremenço do mar!

Porque non tolla o frío o albre dos cantares
eu vos digo, rapazas, que vaiades bailar
onde os gayos loureiros quecen fríos fogares,
cabo das tolas ondas, cando o sol vai raiar,
das insuas da ribeira no máis ledo lugar,
¡San Cremenço do mar!

“6 canciones de mar *in modo antico*” Xosé Filgueira Valverde

Xosé F. Filgueira Valverde nace o 28 de outubro de 1906 en Pontevedra, onde reside boa parte da súa vida e falece o 13 de setembro de 1996.

Cursa o bacharelato na cidade, onde foi discípulo de Losada Diéguez e Castelao. Estuda Filosofía e Letras e mais Dereito na Universidade de Santiago de Compostela e Zaragoza. Aquí coñece o profesor Armando Cotarelo Valledor, que será director da súa tese de doutoramento.

Ademais do seu labor profesional como docente e director no Instituto de Ensino Medio de Pontevedra cómpre destacar a súa extensa traxectoria intelectual centrada en diversos ámbitos de estudo e tres eixes: a historia, a cultura e a lingua galega.

http://www.xunta.es/linguagalega/xose_filgueira_valverde



UN DÍA NA UVigo

por Anxo.

O día 6 de maio, o alumnado de 1º do instituto I.E.S. Terra de Turonio e do Auga da Laxe, foron en xuntanza a unha actividade de educación física á UVigo.

Esta actividade fixo que os rapaces se informaran ou iniciaran no atletismo, dado que as probas nas que participaron foron: carreira, lanzamento de peso, lanzamento de xavelina, triplo salto e salto de lonxitude.

Os rapaces dividíronse por grupos e foron rotando por cada unha das actividades.

Tomamos declaración das opinións dalgúns rapaces e dixéronnos que foi unha boa experiencia, e mesmo algún deles ten pensado ir a algún adestramento de atletismo a ver se de verdade lle gusta tanto como el cre.

Contra o final fíxose a competición de velocidade, empezando por cuartos, seguindo por semifinais para rematar coa final, da que foi campión Gabriel Carrera de 1º C do Terra de Turonio.

No último momento, antes de marchar, realizouse a entrega de medallas. O máximo campión, con diferenza, foi Gabriel Carrera, que gañou 5 medallas, ou sexa, unha por cada unha das 5 probas nas que participou.

Os rapaces volveron para o instituto nos seus buses con novas experiencias e a sensación de ter pasado un bo día.



TURONIO DEPORTISTAS

por Alba, Mireia e Antonio

Nesta ocasión temos en Turoniodeportistas unha boa representación dos nosos atletas cunha xa longa traxectoria neste deporte tan bonito como sacrificado.

Son Elena Costas, Nerea Perelló e Lorenzo González que comparten connosco as súas experiencias deportivas a través das entrevistas realizadas polas reporteiros de Superturonio.

Da S.A. Val Miñor (Sociedade Atlética Val Miñor) **Elena Costas Martín**, unha gran fondista/medio-fondista a ter en conta en próximas competicións.

1. Cantos anos levas practicando atletismo?

Levo practicando atletismo case 4 anos. En comparación cos meus compañeiros de equipo e competicións levo pouco tempo.

2. En que probas compites?

Participo nas competicións en pista ao aire libre (1000m lisos), nalgúns 600m, 300m e 3000m.

3. Que pensas segundos antes de comezar unha carreira?

Penso no traballo que levo dedicado dende principio de tempada, que de modo consciente ou inconsciente obrígame a dar todo na carreira. A parte de pensar en mi mesma, penso no meu adestrador, nos meus compañeiros de adestramento, na miña familia, amigos... basicamente nas persoas que teño cerca e que son un apoio para min.

4. E que sentes ao alcanzar a meta?


Ao chegar a meta sintome ben polo feito de ter dado todo e conseguir o que me propuña. Pero, as veces, se non consigo o meu obxectivo sinto unha enorme decepción.

5. Cales son os teus obxectivos cara futuras competicións?

Teño que mellorar a mínima para o campionato de España de pista de 1000m que aínda que é de 3:09:00, e eu teño 03:08:58, gustaríame recortala para o campionato.

6. Cales son os teus modelos a seguir neste mundo?

Admiro moito aos meus compañeiros, xa que a pesar dos seus problemas, lesións etc. Nunca abandonan, son moi traballadores e grandes exemplos de perseveranza e sacrificio.



Nerea Perelló: valos, saltos,...

1.-En que categoría e equipo estás?

A miña categoría é cadete de segundo ano. Estou na Agrupación Viguesa de Atletismo (AVA), pero fai xa un mes que adestro co Celta (posiblemente o meu futuro equipo)

2.- Que sentes cando practicas atletismo?

Sento que son libre e carezo de presións. É algo que só sentín sobre o tartán.

3.- Como definirías o teu deporte?

O atletismo é o deporte máis sacrificado que coñezo, e ao que non se lle dá o mérito que debería.

Un atleta pásase moitas horas no seu lugar de adestramento para intentar perfeccionar a súa técnica, e ese é un camiño de moitos anos e é algo que pouca xente ve. Non só corremos por correr, corremos para demostrar que non hai un límite, e que os nosos únicos rivais somos nós mesmos.

Lorenzo González, outro medio fondista e fondista da S.A. Val Miñor, que sendo de 4º deixaranos este curso.

A que idade comezaches no atletismo e porque elixiches este deporte?

Comecei a idade de 9 anos, despois de destacar nun campionato provincial,(tan só correra dúas veces antes e conseguira un segundo posto)no que conseguín un 5º posto o presidente da Sociedade Atlética Val Miñor, sorprendido viu a convencerme para que fichase, e así foi, a min gustábame e o club quería-me.

Habitualmente, cantos días adestras á semana e durante canto tempo? Onde adestrasdes?

Agora mesmo estou adestrando catro días a semana, aínda que algún fin de semana, adestro un día. Normalmente, adestro dous días en Gondomar e outros dous na pista de atletismo, en Balaídos.

Que distancias adoitan ter as carreiras nas que participas?

Son un corredor de medio fondo, ademais de participar no cros, que adoitan ser uns 6000m, corro tamén os 1500m, 800m e 400m, pero en especial os 800m.

Cal foi a carreira da que gardas mellor recordo?

Gardo bo recordo da maioría, é difícil escoller unha só, quizais sexa a miña primeira vitoria ou o 4º posto no campionato de España do ano pasado a pesares de que me escapou o podio. Creo que se tivese que escoller unha sería a primeira vitoria, polas circunstancias na que sucedeu, tan só levaba unha semana adestrando e xa lle ganaba ao campión provincial, ademais correra en pantalón largo como anécdota.

Agora mesmo tes algún reto importante á vista, algunha carreira especialmente significativa?

Si, sempre hai algo especial pensado, este ano o reto era a mínima para o campionato do mundo xuvenil, pero por algúns problemas que tiven e estou tendo creo que solo optarei a facer a do campionato de España, pero para o ano espero facer esa mínima, e así conseguir viaxar coa selección española.

Correr engancha? correr mola?

A simple vista parece que non, parece aburrido, pero non e así, se comezas a correr e imposible deixalo. Se es un atleta popular é moito mais divertido, non te xogas nada, e o pasas ben coa xente que te rodea na carreira. Se es un atleta federado é divertido igual, pero costa mellorar máis e as carreiras son moi sufridas. Pese a todo engancha moito, e se gañas moitas carreiras e xenial.

Queres engadir algo máis en relación ao deporte que practicas? Que farás o ano que ven ? Seguiras correndo?

Non teño moito que engadir solo dicir que é o deporte mis barato e san, só necesitas uns tenis bos e o teu corpo. Ah! esquecíaseme, o mellor do atletismo e a xente que coñeces, ademais de todo o que viaxei grazas a el.

Para o ano non estou seguro, pero posiblemente faga bacharelato aínda que teño algúns problemas coas matemáticas, e me asusta un pouco nese sentido, pero seguirei correndo pase o que pase, e o único que podó dicir.